ASUNTO: Informe xurídico de secretaría en relación coa modificación das ordenanzas fiscais parao ano 2026. Exptes nº2026/T014/000003, 2026/T014/000004, 2026/T014/000005.

Pablo Portela Fernández, funcionario con habilitación de carácter nacional, secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo, en relación co asunto de referencia, e de conformidade co artigo 122.5 da Ley 7/1985 de Bases de Régimen Local de 02 de abril e 39.1.4.a do ROM, que esixe o informe previo de secretaría (trámite delegado TECOL), **INFORMO:**

I.-ANTECEDENTES.

Os antecedentes máis relevantes do expediente son os seguintes:

Decreto 7191/2026, do 28 de agosto de 2026, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Informe- proposta do Servizo de Tesourería de modificación da ordenanza fiscal xeral, asinada pola Tesoureira municipal co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 2/09/2026.

Informe-proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á /Veciñanza e Benestar Animal de data 7/09/2026.

Informe-proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras co conforme da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 07/09/2026.

Informe xurídico da Xefa do Servizo de Facenda Local do 7/09/2026 co conforme da Asesoría Xurídica de data 8/09/2026 no que se estuda a modificación das Ordenanzas fiscais, sométese ao ditame do Tribunal Económico Administrativo o presente proxecto, trala emisión do cal someterase a proposta á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Proxectos de modificación da ordenanza fiscal xeral, da ordenanza fiscal núm. 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles, e da ordenanza fiscal núm. 202 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras da Ilma. Sra. María del Mar Carballas Piñeiro, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal de data 0/09/2026.

Firmado por: ***464*** - PABLO PORTELA FERNANDEZ (FECHA: 2026-09-10 09:44:29.00)
CVD: tqgX7UpqCufbcQyX3Vks
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Ditame favorable do Tribunal económico-administrativo do Concello de Lugo sobre os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais nº 202, 203, da ordenanza fiscal xeral do Concello de Lugo de data 10/09/2026.

II.- CONSIDERACIONS XURIDICAS

Primeira.- Regulación legal.

A regulación da materia atópase, esencialmente, nas seguintes disposicións:

- A Constitución Española, artigo 133.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: Artigos 128 a 133.
- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: Artigos 4.1, 21.1, 22.2, 25.1 e 2, 49, 65.2, 70.2, 84, 105 a 111, 123 e 127.
- O RD Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local: Artigos 55 e seguintes-
- Os artigos 15 ao 19 e 72, 87, 95, 102 e 108 do Texto Refundido da Lei Reguladora as Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei xeral tributaria, aprobada por Lei 58/2003 de 17 de decembro.
- O Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955: Artigos 5, 7, e 11.
- O Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROM): artigo 87 a 95.
- O Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo (ROMGA): artigo 51.1a).

Segunda.- Poder Tributario Local

As Corporacións Locais poden establecer e esxir tributos dacordo coa Constitución e as Leis. Trátase dun poder tributario derivado pois, carentes de potestade lexislativa, as Entidade Lociais limítaranse a establecer os seus tributos dentro dos límites marcados polas leis a traverso das súas ordenanzas fiscais.

A Lei Reguladora as Facendas Locais, estableceu un sistema tributario baseado en figuras de exacción voluntaria salvo o IAE, IBI e IVTM. Respecto das primeiras as Entidades Locias non poder esixir tributo algún se a súa imposición e ordenación non é acordada previamente e sen que a ordenanza fiscal reguladora do mesmo non sexa aprobada tamén con carácter previo. O mesmo ocorre coa súa modificación.

Polo que se refire ás taxas, son recursos tributarios que teñen como feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afectar ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos

Terceiro.- Iter procedimental.

O procedemento xeral a seguir para a aprobación ou modificación de ordenanzas fiscais municipais é o seguinte, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 17 Lei reguladora de facendas locais, no Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, e coas particularidades incorporadas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA en adiante):

- Incoación de expediente por Alcaldía ou Concellería delegada de Ecomonía de aprobación/modificación de ordenanza fiscal.
- Redacción do Proxecto de aprobación ou modificación de Ordenanza fiscal municipal polo Servizo de Facenda Local.
- Fase de consulta previa (artigo 33 LPA). Dita fase xa non é preceptiva (STS, da Sala do contencioso de 31 de xaneiro de 2023 (Rec. 4791/2021); e STC 55/2018, do 24 de maio).
- Estudo técnico-económico nos supostos que sexa preceptivo (artigo 25 TRLFL).
- Informe xurídico do Servizo de Facenda Local e da asesoría xurídica municipal (artigos 89.2 ROM e 51.1a) do ROMGA)
- Ditame do Tribunal económico-admistrativo do Concello de Lugo (ROMGA e Regulamento do Tribunal económico-admistrativo do Concello de Lugo)
- Informe xurídico preceptivo de secretaría xeral (artigo 3.2.3.d)1º Real Decreto 128/2018), e de intervención xeral (artigos 4.1 a) e b) do RD 128/2018 e 25 do TRLFL).
- Informe-Proposta de acordo da Alcaldía ou Concellería delegada de Ecomonía de aprobación do proxecto de ordenanza fiscal para a Xunta de Goberno.
- Acordo de aprobación do proxecto de ordenanza fiscal pola Xunta de Goberno Local.
- Informe-Proposta de acordo da Alcaldía ou Concellería delegada de Ecomonía de aprobación da ordenanza fiscal para o Pleno da Corporación.
- Ditame da Comisión especial de contas e ordinaria da alcaldía e sostenibilidade urbana e recursos internos.
- Aprobación inicial/provisional da ordenanza fiscal polo Pleno da Corporación.
- Exposición pública durante 30 días: BOP, Tablón e diario de maior difusión provincia.
- Resolución, se é o caso, de reclamacións e suxestións e aprobación definitiva da ordenanza fiscal polo Pleno, que será automática se non se presentan reclamacións,sen necesidade dun novo acordo plenario.
- Publicación íntegra do texto da ordenanza fiscal no BOP de Lugo.

Cuarta.- Inaplicación de fase de consulta previa e demais disposicións do Título VI LPACA ás ordenanzas fiscais municipais (STC 55/2018, do 24 de maio e STS, da Sala do contencioso de 31 de xaneiro de 2023.)

O artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade ou oportunidade, os obxectivos, e as posibles solucións alternativas.

"1. Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública"

A STC 55/2018, do 24 de maio declarou que non todos os artigos da Lei 39/2015, do 1 de outubro sobre a fase de consulta citados anteriormente teñen carácter básico, e a recente **STS, da Sala do contencioso de 31 de xaneiro de 2023 (**Rec. 4791/2021) **referida expresamente ás Ordenanzas Fiscais**, asenta as bases para unha axeitada aplicación das previsiones de planificación normativa que subsisten no Título VI LPACA con carácter básico, tras a STC 55/2018, do 24 de maio. **O Tribunal Supremo entende que dado que o procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais locais constitúe lexislación especial por razón da materia conforme á disposición adicional primeira, apartado 1 da LPAC, non lle resulta exigible el trámite de consulta pública contemplado en el art. 133.1 LPACA,** se ben e aínda que non o di o Alto Tribunal, cabe colexir sen maior complexidade, que baixo dita interpretación, tampouco o serían o resto das previsións do Título VI LPACA, xa que a súa tramitación rexirase exclusivamente polo expresamente previsto no Texto refundido da Lei de facendas locais, coa única excepción do principio de evaluación nos gastos e ingresos públicos das iniciativas regulamentarias xa que así se sigue contemplando, con carácter básico, no art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

Quinta.- Competencia.

De conformidade co disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais.

De conformidade co disposto no artigo 123.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais.

En consecuencia, corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación de ordenanzas fiscais referenciados e, posteriormente, ao Pleno da Corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas fiscais referenciadas, polo quórum de maioría simple, previo ditame da Comisión informativa especial de contas e ordinaria da alcaldía, recursos internos e proxecto de cidade.

III. CONCLUSIONS

Consta nos respectivos expedientes informes xurídicos favorables da Xefa do Servizo de Facenda Local, dona Isabel Carbonés Bosch, sobre a modificación das ordenanzas fiscais nº 202 , 203 e da ordenanza fiscal xeral do Concello de Lugo conformados pola a asesoría xurídica municipal -don Manuel Louzao Ardariz-; así como o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo; polo que unha vez emitido o informe preceptivo da intervención municipal procede a súa aprobación polos órganos competentes.

En consecuencia, corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo a aprobación dos proxectos de modificación das ordenanzas fiscais referenciadas e posteriormente ao Pleno da Corporación municipal a aprobación inicial/provisional da modificación das ordenanzas fiscais referenciadas previo ditame da Comisión informativa especial de contas e ordinaria da alcaldía, recursos internos e proxecto de cidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA DATA SINALADA Á MARXE.